

Estabilización

**CONCURSO
-
OPOSICIÓN**

Galicia 2023





MARCO NORMATIVO

[Lei 20/2021](#), de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

[Real Decreto 270/2022](#), de 12 de abril, polo que se modifica o Regulamento de ingreso, acceso e adquisición de novas especialidades nos corpos docentes aos que se refire a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, e se regula o réxime transitorio de ingreso a que se refire a disposición transitoria decimosétima da citada lei, aprobado por Real Decreto 276/2007, de 23 de febreiro.

[Resolución do 12 de decembro de 2022](#), da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se anuncia a convocatoria da Orde do 5 de decembro de 2022 pola que se convocan procedementos selectivos.

[Orde do 5 de decembro de 2022](#), pola que se convocan procedementos selectivos.

BASES XERAIS

Distribución de prazas por
corpos e especialidades



PRAZAS CONVOCADAS	0590 – Corpo de profesores de Ensino Secundario	88
	0592 – Corpo de profesores de Escolas Oficiais de Idiomas	8
	0594 – Corpo de profesores de música e Artes Escénicas	1
	0595 – Corpo de profesores de artes plásticas e deseño	5
	0598 – Corpo de profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional	6
	0597 - Corpo de mestres	17

QUENDAS DE ACCESO	1	Ingreso libre
	2	Reserva para discapacidade

As prazas da quenda 2 que queden sen cubrir acumularanse ás da quenda 1 de igual corpo e especialidade.



PRAZOS E DATAS

Prazo de presentación de solicitudes *	Data de chamamento para a primeira proba
Do 10 ao 30 de xaneiro de 2023	A partir do 22 de xuño de 2023

*** Non intentar realizar solicitudes nin pagar taxas fora dos prazos marcados**

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

Prazo de presentación de solicitudes

Do 10 ao 30 de xaneiro de 2023



Obrigatoriamente ON LINE



A través do aplicativo específico para este procedemento:


1.- Solicitud a través de www.edu.xunta.gal/oposicions que permite:

- Cumprimentar o formulario online
- Axuntar documentación
- Rexistrar electronicamente a solicitude



Se non hai oposición expresa, a Administración galega consulta automaticamente os documentos relativos a:

- DNI/NIE
- Títulos universitarios e non universitarios
- Antecedentes penais por delitos sexuais
- Certificado CELGA4 ou equivalente expedido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística
- Acreditación de familia numerosa, de discapacidade (ambas se están recoñecidas en Galicia) e de demandante de emprego



Débese gardar sempre o resgardo que xera o procedemento



SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

- ➔ Presentarase unha solicitude por cada especialidade na que se desexe participar
- ➔ Deberán seguirse todas as instrucións para engadir á solicitude toda a documentación acreditativa dos méritos
- ➔ No caso de presentar varias instancias de participación para a mesma especialidade **terase en consideración a última solicitude** entregada en prazo na sede electrónica da Xunta de Galicia
- ➔ Non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente ante calquera Administración. Neste caso débese indicar en que momento e ante que órgano administrativo se achegaron.

Que non sexa necesario non impide que os aspirantes poidan achegar (dentro do prazo) toda a documentación que estimen oportuna

DOCUMENTACIÓN QUE SE INCLÚE DE OFICIO


Aptdo.	Descripción	Observacións
1	Experiencia docente previa	Sempre que se prestasen/recoñecesen servizos en Galicia e en ensinanza non universitarias (corpos LOE)
3.1	Superación da fase de oposición na mesma especialidade	Sempre e cando fose nalgunha convocatoria celebrada en Galicia desde o ano 2012 (incluído)
3.2	Formación permanente	Todas aquelas actividades que o aspirante teña recollidas en FPROFE

O persoal aspirante pode, se así o desexa, achegar en prazo toda a documentación que estime oportuna aínda que esta sexa incluída de oficio pola Administración. En caso de dúbica, aconsellamos SEMPRE achegar a documentación pertinente.

PAGO DE TAXAS



O pagamento dos dereitos de exame realizarase de forma electrónica



Deberán pagarse tantas taxas como solicitudes se presenten (é dicir, unha por cada especialidade á que se presente)

IMPORTE

CORPO	IMPORTE
PES, EOI, PMAE, PAPD	44,17€
MESTRES, PSSFP	38,02€

EXENCIÓN

Persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%

Familias numerosas categoría especial

BONIFICACIÓN 50%

Familias numerosas categoría xeral

Demandantes de emprego de máis de 6 meses

Vítimas de terrorismo

As taxas deben aboarse dentro do prazo de presentación de solicitudes

DESENVOLVEMENTO DA FASE DE OPOSICIÓN

Constará dunha única proba dividida en 2 partes, que **non terán carácter eliminatorio**

FASE OPOSICIÓN

PARTE A

Desenvolvemento por escrito dun tema

- ☐ Escollido polo aspirante de entre un número de temas extraídos ao chou polo tribunal (3, 4 ou 5)
- ☐ **Duración máxima: 2 horas**
- ☐ O tribunal citará para a lectura da proba o mesmo día que se expoña a unidade didáctica.

PARTE B

Comprobación da aptitude pedagóxica e dominio de técnicas necesarias para o exercicio docente

B.1

Preparación, presentación e exposición, e defensa dunha **unidade didáctica**.

- ☐ O contido e nivel será **escollido pola persoa participante**
- ☐ **Referida ao curso escolar** en que se realice a proba
- ☐ **Duración máxima: 1 hora (30 minutos para a preparación e 30 minutos para a presentación e exposición, e defensa)**

B.2

SÓ PARA AS ESPECIALIDADES DE F.P DO CORPO DE PES, PARA AS DO CORPO DE PROFESORES EN SECTORES SINGULARES DA FORMACIÓN PROFESIONAL, MÚSICA E ARTES ESCÉNICAS E ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO (AGÁS HISTORIA DA ARTE)

Exercicio de carácter práctico

- ☐ **Duración: establecida polo tribunal**

PUNTUACIONES E PONDERACIONES

PUNTUACIÓN GLOBAL DO PROCEDIMENTO

* Débese obter a lo menos un 5 sobre 10 para acceder á fase de concurso.

FASE OPOSICIÓN *

60%

FASE CONCURSO

40%

Especialidades sen exercicio práctico

TEMA

50%

UD

50%

Especialidades con exercicio práctico

PARTE A

50%

PARTE B

50%

Experiencia

7p

Formación académica

2p

Outros méritos

1p

* Á súa vez o 50% da parte B corresponde á UD e o outro 50% á proba práctica

FASE CONCURSO: BAREMO

Aconséllase ler as particularidades de cada apartado na convocatoria segundo o caso persoal de cada participante

Máximo 10 puntos

7



FASE OPO

2



1



1 Experiencia docente previa (máx. 7 puntos)

1.1 Mesmo corpo e especialidade centros públicos:	0,700 p/ano
1.2 Mesmo corpo, outra especialidade centros públicos:	0,350 p/ano
1.3 Outro corpo, centros públicos:	0,125 p/ano
1.4 Mesmo nivel ou etapa, noutros centros:	0,100 p/ano

2 Formación académica (máx. 2 puntos)

2.1 Expediente do título alegado	VER DETALLE
2.2 Posgraos, doutoramento e premios extraordinarios	
2.3 Outras titulacións universitarias de carácter oficial	
2.4 Titulacións de réxime especial e de F.P	
2.5 Dominio de idiomas estranxeiros	

3 Outros méritos (máx. 1 punto)

3.1 Por superación da fase de oposición mesma especialidade (máx. 5 puntos)	VER DETALLE
3.2 Por formación permanente (máx. 2 puntos)	

FASE CONCURSO: BAREMO

2 Formación académica (máx. 2 puntos)

2.1 Expediente do título alegado

Escala de 0 a 10	Escala de 0 a 4	
Desde 6,00 ata 7,49	Desde 1,50 ata 2,24	0,500
Desde 7,50 ata 8,99	Desde 2,25 ata 2,99	1,000
Desde 9,00 ata 10	Desde 3,00 ata 4	1,500

2.2 Posgraos, doutoramento e premios extraordinarios

2.2.1 Mestrado, suficiencia investigadora, DEA ou equivalentes	1,000
2.2.2 Título de doutoramento	1,000
2.2.3 Premio extraordinario no doutoramento	0,500

2.3 Outras titulacións universitarias de carácter oficial

2.3.1 Titulacións de primeiro ciclo	1,000
2.3.2 Titulacións de segundo ciclo	1,000

FASE CONCURSO: BAREMO

2 Formación académica (máx. 2 puntos)

2.4 Titulacións de réxime especial e da formación profesional específica

2.4.a) Por cada Título profesional de Música ou Danza	0,500
2.4.b) Por cada certificado de nivel avanzado ou equivalente das EOI * Niveis avanzados C1 e C2 establecidos no R.D 1041/2017 así como as equivalencias dos mesmos establecidos no seu Anexo II, puntuándose un só certificado por cada nivel de idioma que se acredite	0,500
2.4.c) Por cada título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño	0,200
2.4.d) Por cada título de Técnico Superior de Formación Profesional	0,200
2.4.e) Por cada título de Técnico Deportivo Superior	0,200

2.5 Dominio de idiomas estranxeiros

* Valoraranse por este subapartado os certificados de idiomas estranxeiros de nivel avanzado C1 e C2 , segundo o Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas e de conformidade coa Orde do 21 de xuño de 2016 que modifica a Orde do 18 de febreiro de 2011 de acreditación de competencias en idiomas do profesorado	0,500
---	-------

FASE CONCURSO: BAREMO

3 Outros méritos (máx. 1 punto)

3.1 Pola superación da fase de oposición na mesma especialidade do corpo ao que se opta

Por cada procedemento selectivo convocado de 2012 en diante no que se superase a fase de oposición na mesma especialidade	0,750
---	-------

3.2 Formación permanente


Por cada curso $3 \leq a < 10$	0,200	* Sendo “a” o valor en créditos do curso
Por cada curso $10 \leq a$	0,500	
Poden acumularse cursos inferiores a 2 créditos puntuándose 0,200 cada 2 cursos		

SUPERACIÓN DO PROCEMENTO SELECTIVO:



Unha vez publicadas as puntuacións definitivas obtidas polos aspirantes:

Quen supera o procedemento?	Aspirantes aos que, ordeados segundo a puntuación global das fases de oposición (60%) e concurso (40%), lles corresponda un número de orde igual ou inferior ao número de prazas asignadas a cada especialidade
Como se resolven os empates?	1. Maior puntuación na fase de oposición 2. Maior puntuación en cada exercicio da oposición por orde de realización 3. Maior puntuación nos apartados do baremo, por orde 4. Maior puntuación nos subapartados do baremo, por orde 5. En caso de persistir o empate farase unha proba sobre cuestións breves



FASE DE PRÁCTICAS

FASE DE PRÁCTICAS:

- ➡ As persoas que resulten seleccionadas serán nomeados **funcionarios e funcionarias en prácticas**
- ➡ Asignaráselles un **destino provisional** para levar a cabo a fase de prácticas
- ➡ É obrigatorio participar no **CONCURSO DE TRASLADOS** coa finalidade de obter o **destino definitivo** na mesma especialidade na que se superara o procedemento selectivo de cara o nomeamento como funcionarios e funcionarias de carreira

NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIOS/AS DE CARREIRA :

- ➡ No caso de ser declarados aptos na fase de prácticas, os aspirantes serán nomeados funcionarios de carreira con efectividade do 1 de setembro de 2024

SISTEMAS DE SINATURA ELECTRÓNICA

Presentación de
solicitudes na sede
electrónica da Xunta de
Galicia



CALES SON OS SISTEMAS DE SINATURA VÁLIDOS



DNI Electrónico



Certificado Dixital



Chave 365



The image shows two side-by-side screenshots of web interfaces for electronic signature systems. The left screenshot is for 'Chave365' and features a blue and orange logo at the top. Below the logo are input fields for 'NIF' and 'Clave', followed by an 'Entrar' button. At the bottom, there are links for 'Esquecín a miña clave de acceso', 'Alta con certificado', and 'Máis información'. The right screenshot is for 'Certificado Electrónico' and features a logo with the text 'dni electrónico' and 'CERTIFICADO DIXITAL' with a padlock icon. Below this is a button that says 'Identificarse con certificado ou DNI-e' and a link 'Consultar os certificados admitidos'. Both screenshots have a blue footer bar with the system name and a help icon.

DNI ELECTRÓNICO



- ✓ Serve como identificación electrónica de alto nivel
- ✓ Case todo o mundo o ten xa
- X Necesitas un lector de DNI's (9€ aprox.)
- X Deben instalarse controladores que se poden descargar [AQUÍ](#)

RENOVAR CERTIFICADOS/PIN

Se non lembrás o PIN ou o teu certificado caducou, abonda con ir a unha oficina do CNP onde expidan DNI's e actualizar os datos nos puntos de renovación

**NON SE REQUIERE CITA
PREVIA**

**MÁIS INFO NA WEB
DO CNP**



DNI 3.0



DNI 4.0



CERTIFICADO DIXITAL DE PERSOA FÍSICA FNMT

- ✓ Serve como identificación electrónica de alto nivel
- ✓ Se tes DNI electrónico non precisas realizar o paso presencial
- X Necesitas instalalo no ordenador onde o vas a usar
- X Se non tes DNI electrónico debes ir presencialmente a obtelo

- 1 Configuración previa
- 2 Solicitar certificado
- 3 Acreditación de identidade persoal
- 4 Descargar certificado

**SOLICITUDE SEN
DNI ELECTRÓNICO**

Require os 4 pasos

**SOLICITUDE CON
DNI ELECTRÓNICO**

O paso 3 non é necesario

Os pasos 1 e 4 deben realizarse no mesmo equipo



COPIA DE SEGURIDADE DO CERTIFICADO

No último paso permite realizar unha copia de seguridade do noso certificado

Descárgase un arquivo cun icono como ese

É **MOI IMPORTANTE** conservar ben ese arquivo e protexelo cun contrasinal que lembremos porque nos permite instalar o noso certificado de novo ou noutro equipo

Pódese obter de novo **SOAMENTE** se o certificado está instalado no equipo

SISTEMA CHAVE 365

- ✓ Serve como certificación electrónica de alto nivel
 - ✓ Podes usalo en calquera lugar e dispositivo xa que se accede co contrasinal escollido e o proceso de entrega finaliza cun código que envían por SMS
 - ✓ Podes darte de alta como usuario no sistema Chave 365 de xeito telemático se tes un certificado electrónico válido asociado ao teu NIF ou co DNI electrónico
- X Se non tes certificado dixital ou DNI electrónico debes solicitar a túa chave 365 de xeito presencial en calquera rexistro da Xunta de Galicia ou en calquera centro de saúde**

Preme na imaxe para acceder á información oficial sobre o sistema chave365: alta de usuario, renovación, etc



GRAZAS!!

